

**Dourada medianía no arranque do milenio
ou ¿quen teme a nova poesía galega?**

María do Cebreiro Rábade Villar

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

RÁBADE VILLAR, MARÍA DO CEBREIRO (2011 [2003]). “Dourada medianía no arranque do milenio ou ¿quen teme a nova poesía galega?”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 2001, 265-276. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1207>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

RÁBADE VILLAR, MARÍA DO CEBREIRO (2003). “Dourada medianía no arranque do milenio ou ¿quen teme a nova poesía galega?”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 2001, 265-276

* Edición dispoñíbel desde o 6 de outubro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Dourada medianía no arranque do milenio ou ¿quen teme a nova poesía galega?

María do Cebreiro Rábade Villar

I. INTRODUCCIÓN

Partindo da presunción de inocencia, calquera visión de conxunto debería estar presidida polo protocolo ético da boa fe e pola busca científica da obxectividade. Con todo, a ninguén se lle escapa que as panorámicas xorden como resultado dun proceso valorativo de selección e de decantación, proceso que, para os ben pensados, ten a súa orixe na natureza hermenéutica da actividade crítica e, para os mal pensados, nunha man negra que serve intereses dificilmente confesables. Froito da subxectividade do xuízo ou da manipulación intereseira, o certo é que os panoramas deberían suscitar nos seus receptores unha saudable desconfianza. Por iso, semella conveniente aclarar desde que perspectiva foi concibido este achegamento á poesía galega editada durante o primeiro ano do milenio e que condicionamentos e prexuízos (gadamerianos ou non) o guiaron. Estas aclaracións previas non pretenden tanto evitar o escepticismo razoado como asumir de antemán os límites deste labor.

Unha lectura delongada dos títulos editados durante o ano 2001, moitos deles de indubidable calidade e interese, achega a idea xeral de continuísmo, por veces epigonal, con respecto á poesía publicada no anterior decenio. Por dicilo na afortunada expresión de Octavio Paz, a “tradición da ruptura” parece ser o sinal distintivo da poesía galega máis recente. A poesía dos noventa, que os cronistas oficiais e os reseñadores máis entusiastas describiran como rica e fermosa herdeira, casou

xa por poderes e ten todas as trazas de aburguesarse. Unha vez asumido o pulo estética e ideoloxicamente innovador de certas propostas, o clasicismo segue indo á misa e a modernidade, baixo a forma de neovangarda, institucionalízase.

Para a demostración destas medias verdades partirei dun *modus operandi* máis próximo ó proceder dos estudos sistémicos que á sensibilidade da crítica literaria tradicional. Mesmo prescindindo dunha metodoloxía “forte”, que acentuaría a compoñente estatística en detrimento dos criterios cualitativos e privilexiaría vectores de análise sociolóxicos, este panorama adhírese, nun aspecto que considero fundamental, ás teorías literarias de orientación empírica. Fronte ó modelo *anatómico* da historiografía positivista, que “divide” a literatura en autores e obras, o sistemismo, nas formulacións de Pierre Bourdieu, Itamar Even-Zohar ou Siegfried Schmidt, participa dun entendemento dinámico da comunidade literaria como xogo de taboleiro para máis de dous participantes, no que o reparto de responsabilidades se libra entre múltiples axentes, instancias e intereses. De aí que a ordenación desta visión conxunta combine os criterios (pretendidamente) estéticos ou inmanentes, sexan estes temáticos, estilísticos ou xenolóxicos coa descrición da liña editorial de determinados “grupos de prestixio” que cómpre describir nas súas estratexias e nos seus movementos de concorrencia ou de oposición.

II. LIÑAS EDITORIAIS E LIBROS DE POEMAS

1. *Espiral Maior: o discreto encanto do clasicismo*

Cando menos desde o punto de vista cuantitativo, *Espiral Maior* constitúe a editorial poética de maior entidade no campo literario galego. Tradicionalmente, a súa liña de colección veu apostando pola continuidade con respecto á “lírica dos oitenta”, pola incorporación de voces de todas as promocións poéticas e pola apertura a aqueloutras voces que, mesmo sendo novas, ou conceptualmente novidosas, prefiren un certo clasicismo formal e unha dicción “discreta” á estridencia indiscriminada das vangardas.

Banzados, de Xosé Vázquez Pintor, obtivo o I Premio Uxío Novoneyra, convocado polo concello das Pontes. A partir de referencias topográficas e toponímicas, por veces moi precisas, a voz demarca os lindeiros dun universo de alta densidade simbólica, no que os nomes propios perden a súa concreción empírica e adquiren un sentido transcendente.

Semellante en moitos aspectos é o camiño percorrido por Lois Diéguez en *Ónfalos*, que demostra con elocuencia a polisemia dos marcadores locativos (tanto espaciais como temporais) na linguaxe poética. O autor constrúe un discurso do centro, ou un mandala de múltiples cámaras, partindo da memoria como forza gravitacional e chave de acceso a un entendemento poético do mundo.

Tamén o ton memorialístico acada todo o seu pulo creador en *Eclipse*, de Xavier Rodríguez Baixeras, premio Losada Diéguez. Mestre na construción do metro longo, que favorece unha dicción fluída e permite o máis amplo voo da imaxe simbolista e surrealista, o autor cultiva unha lírica meditativa na que a palabra propia se volve polifónica e acolle como súa a voz dos outros.

Refutación da musa, de Manuel Forcadela, recibiu o VIII premio Aula de Poesía de Barcelona. O autor inténase nunha corrente alterna da tradición poética occidental, a que elude o canto celebratorio e as estratexias retóricas da *laudatio*

para entregarse, aberta ou tacitamente, ó vituperio. A orientación satírica do libro non se sustenta, con todo, nunha moralidade, por mínima que for, senón máis ben na fundación dunha poesía intelectual, presidida polo sentido da ironía e formalmente suxeita ás esixencias do epigrama.

En *Animais animais*, de Juan Abeleira, o recurso poético da repetición confirma todas as aporías de Heráclito: non é posible a identidade no eco; unha vez dito o nome, a voz báñase nel dun xeito diferente. O libro, dunha moi trabada estrutura trimembre, constitúe un orixinal bestiario para uso e abuso de amadores. O fonosimbolismo acentúa a eficacia desta reivindicación poética da animalidade, sustentada na revolucionaria idea surrealista do amor como insubmisión máxima.

Resulta tan tentador como estimulante ler *Animais animais* como contrapunto de *Magnalia*, asinado por Juan Abelaira e por Olga Novo. Magnífico exemplo de creación conxunta, este libro-carpeta de tiraxe limitada converte a poesía en proyectil cargado de futuro, de amor e de beleza.

Desde Arcadia para Govinda, de Charo Pita, foi galardoado co IX Premio de Poesía Espiral Maior. A autora, que fai a súa estrea como poeta, presenta un poemario fondamente vitalista, ateigado de apuntamentos experienciais e presidido por unha busca da comunicabilidade que non elude os xogos verbais nin as alusións culturalistas.

Con *Pedinche luz prestada* Marica Campo acadou o I Premio Fiz Vergara Vilariño. O libro, que consta de trinta e tres sonetos, é un cancionero amoroso de factura clásica, onde o ton petrarquista, con todo, non impide certas inflexións insólitas da voz, moi perceptibles na elección dalgunhas palabras en vértice de rima. No limiar, Pilar Pallarés subliña a capacidade do soneto, por excelencia metro lapidario, para coutar a natureza insondable do sentimento amoroso.

Con *Sedimentos*, de Xabier Paz, a poesía galega gaña unha voz de dicción elegante, apta para acoller contidos de longo alento, tales como os vínculos invisibles que xungen o microcosmos e o macrocosmos. Con precisión e coidado de ourive, o autor achega unha persoal visión do moi transitado motivo das augas, que transcende a perspectiva escenográfica ou costumista habitualmente proxectada sobre a temática mariñeira. O poemario, que por veces semella un *De rerum natura* galego, concilia harmoniosamente a evocación lírica cun impulso cosmogónico, en virtude do cal a palabra poética constrúe novos mundos ó tempo que se constrúe a si mesma.

Epiderme de estío, de Lucía Novas, obtivo o IV premio de poesía Concello de Carral. Neste seu primeiro libro de poemas, a autora inscríbese nunha liña moi rendible na segunda metade dos anos 90, a lírica erótica de sentido celebratorio enunciada polas novas mulleres poetas. Esta orientación, que redundou na construción dun suxeito poético feminino capaz de recoñecer e de nomear o seu propio desexo, leva camiño de se converter nun discurso naturalizado, con todas as prestacións (normalidade, garantía de continuidade) e contraprestacións (epigonalismo, neutralización da capacidade subversiva) que isto poida supoñer.

Ben diferente, aínda que tamén inscrita na tradición da poesía de mulleres, é a aposta de Emma Pedreira. En *Velenarias*, IV premio de poesía Johán Carballeira, a voz non percorre os rexistros do gozo sensual, senón máis ben os graos dun descenso abismal cara ó territorio da dor, nun ascetismo de signo inverso que converte o poemario nun claro expoñente da poesía do coñecemento.

2. Ablativo Absoluto: o futuro xa non é o que era

Desde a súa fundación na segunda metade dos anos noventa, a colección Ablativo Absoluto (Edicións Xerais de Galicia) privilexiou, entre os seus obxectivos, a descuberta e proxección das voces e das liñas poéticas novas. Quizais como resposta a un certo *impasse* no panorama da lírica galega, este ano Ablativo Absoluto impulsou a edición de autores xa coñecidos polos lectores de “poesía dos noventa” (Helena de Carlos, María Lado, Carlos Negro), alentou propostas antolóxicas (Fran Alonso) e dedicou, como homenaxe e pranto pola súa morte prematura, o número cero do seu fondo editorial á obra *Palimpsesto*, de Agostiño Lomba.

Palimpsesto, poemario póstumo (quizais inacabado) de quen fora corrector lingüístico da colección, constitúe unha lúcida aposta en favor dunha escrita tan autoconsciente como contida. O poemario adoita desbotar as referencias metatextuais explícitas, na procura daquela honestidade poética á que se referira Auden e que adquire, se cabe, aínda maior impacto á luz da morte do seu autor.

Helena de Carlos edita, no ano 2001, un libro que se titula *1999*. E faino asumindo deliberadamente a data de caducidade de todo porvir, coa lúcida consciencia de quen entoa o *tempus fugit* despois de terse entregado ás máis futuristas odiseas no espazo. A crónica da vida convértese en alta poesía en virtude da delicadeza, da capacidade de evocación e da elegancia coa que a autora segue a cultivar o verso branco.

Casa atlántica, casa cabaret confirma a capacidade de María Lado para implicar ós lectores na súa persoal visión da vida, que mestura a naturalidade e a forza expresiva coa capacidade para transmitir o sabor agri doce do cotián. O libro, que xa fora dando a coñecer parcialmente en recitais poéticos, adquire na lectura individual resonancias inéditas. Os alugueres e as mudanzas convértense nas estacións do lento e difícil proceso de medrar, pero tamén nun poderoso pretexto para o xogo, unha vez aprendemos que a infancia é a verdadeira casa do ser.

En *Far-West*, Carlos Negro recorre ó que Jameson denominara “alegoría nacional”, tendendo unha ponte entre as narrativas do lonxano oeste e a situación socio-política (e sociopoética) da Galicia contemporánea. O autor propón unha crítica á epicidade dos discursos fundacionais, crítica que adquire a súa máxima efectividade cando se combina coa parodia e con outras posibilidades da poesía humorística.

En *Subversións*, Fran Alonso amplía, recolle e reordena o conxunto da súa obra poética, que constituíu unha das manifestacións máis claras e temperás do relevo xeracional que tivera lugar entre os anos oitenta e noventa do século XX e que agora recibe, en virtude da edición conxunta, un tratamento canónico. O volume convértese, pois, nun documento para a revisión xa distanciada daquela dialéctica, así como nunha invitación para profundizar na poesía residual, sólida e urbana de Alonso.

3. Letras de Cal e reloxos de area

Que o tempo pasa é unha verdade que non precisa ser probada poeticamente. A colección Letras de Cal, que deu sobrados testemuños da súa vitalidade no anterior decenio, segue presentando autores noveis, amparados na convocatoria dun premio de poesía que leva o nome da entidade convocante, confirmando voces que foran novas e, sobre todo, confirmándose a si mesma como axente de difusión da lírica última (¿tamén última lírica?).

Xosé de Cea, nome literario de Xosé María García Rodríguez, recibiu o I Premio Letras de Cal polo poemario *Presencia da fenda*. A fenda é a imaxe central do libro, e opera como figura dunha dislocación do ser e do sentir e como indicio da fisura entre a realidade, o pensamento e a linguaxe.

En *Óxido nas flores da tarde*, Suso Bahamonde aposta por unha fraseoloxía conversacional, non tanto na procura da intelixibilidade como nun desexo, moi bukowskiano, de provocar os lectores, pulsando as súas reaccións máis viscerais. Significativamente subtitulado *Manifestos*, o libro recorre ó poema en prosa como estratexia de oposición ó *modus dicendi* (e *vivendi*) da lírica máis estereotipada.

Desterrada do meu corpo, de Verónica Martínez, é un exercicio de *body art* poético que sintetiza dúas orientacións presentes na última lírica galega de mulle- res. A poesía erótica convive co cuestionamento da propia identidade, e o punto de xuntura entre estas direccións é o corpo, obxecto privilexiado dun discurso lite- rario tan vigoroso como pouco compracente.

4. Edición, nación, deputación: de como a poesía tamén navega entre universidades e caixas de aforros

A edición da poesía segue dependendo, en boa medida, do papel de institu- cións como as universidades, as deputacións provinciais ou as sociedades económi- cas, vencelladas a miúdo coa institución do premio literario. Un repaso ós resultados desde a modalidade de edición confirma (salvo honrosas e destacadas excepcións) tanto a súa resistencia á publicación de autores noveis como a súa proclividade ás modalidades máis convencionais da poesía.

O Servicio de Publicacións da Deputación da Coruña editou *Campo segado*, de Manuel Álvarez Torneiro e *Muller e mar: antoloxía poética*, de Julio Argüelles. *Campo segado*, gañador do Miguel González Garcés na convocatoria do 2000, con- firma ó seu autor como mestre no poema en prosa e no dominio da imaxe surrea- lista como fundamento dunha linguaxe poética de fonda pegada existencial.

O Servicio de Publicacións da Deputación de Pontevedra fíxose cargo da edi- ción Poemas da “Ponte Pousada”, de Rafael Martínez Sánchez. A colección Tambo, cofinanciada tamén pola Deputación de Pontevedra, deu a coñecer catro títulos ó longo do ano 2001. En *Os signos, as mudanzas* Juan L. Blanco Valdés debuta poe- ticamente cun libro sobre o sentido máxico da vida cotiá, escrito desde un sentido da contención estética capaz de conciliar a sobriedade coa tenrura. César Antonio Molina, en *A fin de Fisterra*, emprende unha meditación lírica sobre a transterrito- rialidade, non tanto como condición biográfica, subxectiva ou individual, senón como condición do ser, e mesmo da palabra. *A rocha dos proscritos*, de Ramiro Fonte, confirma a filiación do autor con certas poéticas posmodernas sustentadas no exercicio deliberadamente extemporáneo da métrica, na ironía e no cinismo como modalidades distanciadas do humor, na elección de contextos urbanos e nun tratamento irreverente das referencias culturais. *Nos dominios de Leviatán*, de Xavier Queipo, supón unha modernización da poesía marítima e un intento de re- crear a atmosfera e a intencionalidade do malditismo poético.

Cada ano, a Sociedade Cultural Valle-Inclán dá a coñecer o accésit e o primeiro premio Esquíu na súa colección de poesía homónima. Co poemario *O rumor do dis- tante*, Cesáreo Sánchez Iglesias gañou o Premio Esquíu na súa convocatoria do ano 2000. Subtitulado *A escrita da terra*, o libro de Sánchez Iglesias constitúe un percorrido

simbólico pola toponimia galega, explicitamente aludida e conformadora dunha estrutura e dun tecido literarios capaces de converter o inmediato referencial en poético transcendente. En *Luces de N.Y.*, Rafael Lema ensaia un achegamento insólito á poesía do mar a través do relato dun fareiro, en versos de grande alento lírico e épico.

Nunha fermosa e coidada edición, o Concello de Ferrol impulsou a publicación do poemario de Xohana Torres *Ferrol, corazón de navío*, onde a autora lle rende tributo á cidade da infancia, a través dunha serie de estampas que dialogan coas fotografías do libro, e que demostran unha vez máis a forza xerminal do seu discurso memorialístico.

Tamén a Universidade de Santiago editou un cartafol de poesía e pintura, de autoría colectiva, titulado *Vidrieras de Compostela*, na que se propón unha viaxe pictórico-literaria por unha cidade en boa medida inédita.

5. *Galaxia e O Castro: unha aposta pola continuidade*

A continuación, facemos un repaso pola produción poética destas tres editoriais, agrupadas en virtude da súa capacidade para manter liñas de colección nas que atopan cabida tanto os clásicos contemporáneos como os novos valores poéticos, ás veces avalados pola obtención dun premio, que manifestan unha vontade de conexión co *mainstream* da tradición literaria galega.

Manuel Xosé Neira edifica en *Templo* (Galaxia) un poemario que xira arredor do lugar, noción lírica capaz de vertebrar un espacio de transcendencia, círculo sacro que se lle presenta ó lector revestido dunha linguaxe simbolista na que resoan os ecos do lugués Pimentel.

Cadáver adiado, de Antonio Tovar, é un libro de sonetos, nos que a voz adopta un rexistro satírico, nun entendemento da poesía como “axuste de contas”. Son significativas, a este respecto, as palabras de Tovar na “Nota” que precede os textos: “Escribo en serio. Escribo con xenreira. Porque a miña vida, a vosa, foi unha ofensa imperdonable”.

Coa edición de *Intres de soidade*, poemario de Sabino Torres Ferrer, O Castro contribúe a difundir a creación literaria do que fora un dos axentes culturais máis destacados na reactivación da poesía galega da posguerra. A poética de Torres, promotor da colección poética Benito Soto, participa dunha concepción elexíaca do mundo, contrapunteada por unha intención lúdica, moi perceptible na sección “No parque”. O libro, de estrutura triádica, toma da tradición angloamericana o sentido da contención e o descritivismo, así como unha certa apertura cara á dicción conversacional, en productivo diálogo con Walt Whitman.

En *Acaso o inverno*, gañador do Premio Eusebio Lorenzo Baleirón na convocatoria do 2000, Carlos Penela cultiva un distanciamento que propicia a reflexión, e que convida a subscribir o desespero ante unha derrota que se pode ler tanto en clave persoal como colectiva. O maxisterio exercido pola tradición poética anglófona, nomeadamente nas súas orientacións metafísica, romántica e modernista comparece aquí con toda a súa forza.

Este ano O Castro amplía, ademais, o seu fondo antolóxico cunha escolma titulada *En Tránsito*, coordinada por Vicente Araguas e por Manuel Pereira, e que presenta poemas de dezaseis autores afincados en Madrid. Nun limiar titulado “A

xeito de presentación”, os seus promotores recoñecen a filiación deste proxecto coa escolma *Alén do Azul*, tamén editada por Edicións do Castro, onde se daba a coñecer a poesía dalgúns escritores galegos residentes en Cataluña. *En Tránsito* acolle, ademais, unha presentación de Ana Acuña e un epílogo de Borobó, presentado baixo o lema “Santa Compañía dos poetas madrigalegos”.

6. *Follas Novas e Libros da Frouma: a importancia dos proxectos antolóxicos*

Tamén o proxecto editorial Libros da Frouma, dirixido por Luís Alonso Girgado, ten manifestado, desde os seus inicios, unha decidida orientación antolóxica. Este ano, ademais do volume titulado *Perdida luz*, no que Alonso Girgado e María Teresa Monteagudo escolman a produción poética de Víctor Campio Pereira, a colección edita a antoloxía colectiva *Escolma de aniversario (Librería Follas Novas 1971-2001)* e a *Flor de romances de Cervantes a Pedrafita*, editado por Anabel Amigo. En Follas Novas Ricardo Martínez Conde deu tamén ó prelo *A núa lentitude*, poemario de factura intimista.

7. *Litoral das Rías, Colección Hipocampo Amigo: o pulo do discurso elexíaco*

A colección Hipocampo Amigo presenta dous títulos de fonda pegada elexíaca. *No leme das lembranzas*, de Daniel Pino Vicente, consta dunha sucesión de “xeiras” poéticas nas que o “eu” lírico explora o sentimento da nostalxia amorosa, sen eludir a expresión do compromiso social. *Náufragos da elexía*, libro que fai o número corenta e tres na traxectoria poética de Pura Vázquez, adéntrase nos fundamentos dun intimismo de alcance existencial, expresado a partir de referentes paisaxísticos de alto valor simbólico. A habelencia no dominio do verso clásico, que a autora demostra en certos sonetos do poemario, convive coa súa capacidade para formular nocións metafísicas por medio dunha linguaxe figurativa.

8. *Menos é máis: Positivas, Amastra-n-gallar e Baía Branca*

Reseñaremos agora a contribución de tres liñas editoriais que, sen dedicarse todas elas á edición exclusiva de poesía, e antepoñendo a escolla puntual e significativa de títulos e autores ó criterio de cantidade, acolleron algúns dos libros máis interesantes e anovadores deste ano.

Na colección Baía Branca, de Baía Edicións, Xabier Cordal publicou *A vella peneira a noite*. O libro constitúe, en boa medida, un punto de inflexión na traxectoria literaria de Cordal, que ata o momento atopara na exuberancia da linguaxe, e nun certo hermetismo usado como lanza e como escudo, a ferramenta máis apta para transmitir a imaxe dun mundo derrubado. As voces do presente poemario seguen participando dunha concepción cáustica da historia, sustentada nun novo xeito de entender e practicar a poesía épica e nunha intelixente redefinición do culturalismo, que desvela e impide as xerarquías entre a “alta cultura” e a “cultura popular”. Con todo, en *A vella peneira a noite* o autor semella camiñar cara a un rexistro máis emotivo, e mesmo experiencial, rexistro do que dá valente testemuño a epístola final do libro.

Despois da súa opera prima *sede auga* (2000), Cesáreo Carballido deu a coñecer, en edición non venal, o libro *pequeno sol satélite*. Emilio Araújo, promotor do proxecto editorial “Amastra-n-gallar”, que acolle unha interesante revista de poesía,

demostra unha vez máis a súa sensibilidade á hora de proxectar certas voces “secretas” e profundamente persoais, que transitan camiños literarios inexplorados ou pouco transitados na nosa tradición. En Carballido, o texto poético convértese nun poema-cousa que cae no branco da páxina como un *ready-made* de Duchamp no espacio do museo. Pero o autor non só lles pinta bigotes ás palabras para facelas visibles e palpables; en *pequeno sol satélite* a mesma linguaxe é un urinario que se chama fonte. O propósito non é tanto xogar coa linguaxe como desvelar o que a propia linguaxe ten de xogo, dándolle ó termo “xogo” o seu sentido máis serio.

Sen dúbida, unha das máis agradables sorpresas que deparou poeticamente o ano 2001 foi a publicación, en Positivas, do libro *A casa deshabitada da familia Pena*. Raúl Gómez Pato, traductor do latín, escritor e pintor consolida a súa traxectoria poética cunha proposta que, tomando o espacio da casa como eixo (igual que María Lado en *Casa atlántica*, casa *cabaré*) se arreda do entendemento da lírica como discurso do “eu” para apostar pola creación de microhistorias locais, en moitos casos dispostas como se fosen dípticos. Precedido dunha “Nota do editor”, que lembra, en moitos sentidos, ó “Tablero de dirección” de *Rayuela*, o autor presenta un xogo ficcional perfectamente trabado, cun avance narrativo (xenealóxico e cronolóxico) que non cómpre desvelar aquí para non estragar o pracer da descuberta. Igual que na *Spoon River Anthology* de Edgar Lee Masters, a construción polifónica desta casa deshabitada implica tanto ós vivos como ós mortos, nun entendemento do poema como palabra póstuma e do libro de poemas como cemiterio civil.

9. Coleccións emerxentes: do4edicións e Nigra

A pesar da súa tiraxe reducida, e das dificultades que atopan na distribución, cómpre prestar atención á liña editorial das coleccións emerxentes, que con frecuencia anticipan orientacións poéticas futuras ou dan a coñecer voces noveis.

Na súa procura dunha poesía obxectual, *e se non é?*, de Xosé Alberte Alonso Carballeira (Nigra) garda concomitancias coa produción literaria de Cesáreo Carballido. Pero aquilo que en Carballido se revelaba como a máxima permeabilidade do poema, depósito que pode acoller a totalidade dos discursos sociais, adopta en Alonso unha manifestación máis fonosimbólica, nunha lírica que xoga coas cadeas sonoras de palabras, ó modo de Gertrude Stein, e co uso das minúsculas como posible rebaixamento do retoricismo.

Tamén *Ailalelo de auga*, de Xerardo Quintiá, editado por Franck Meyer en do4edicións supón un intento por facer consciente ó lector da importancia da arquitectura visual da páxina, nunha estratexia de estrañamento que impida a identificación mecánica entre a linguaxe e o mundo. Con todo, non é esta unha poesía neoformalista, senón máis ben neorruralista, sobre todo en virtude da elección de determinadas verbas-estirpe, en deliberada homenaxe ferriniana. Tácticas como o uso de minúsculas ou a partición anticipada das unidades versais por medio dunha barra espaciadora emparentan *Ailalelo de auga* con dous discursos moi rendibles na promoción dos 90 que, a falta de mellores denominacións, poderíamos denominar “poesía tipográfica” e “poesía minúscula”.

10. *Os poemas sen terra: a edición de poesía galega fóra de Galicia*

Na editorial lisboeta Tema, que conta xa cun importante fondo de poesía galega, Manuel Seixas deu a coñecer *Diario de ausencias*, interesante miscelánea na que o autor establece un diálogo intertextual con elementos visuais, tanto xornalísticos como fotográficos. Desde un punto de vista neovangardista, os poemas de Seixas convidan a reflexionar sobre a relación dialéctica entre a ausencia e a presenza, ó tempo que presentan o impacto da sociedade global na vida (e na poesía) contemporánea.

Un dos núcleos máis activos da produción editorial madrileña en lingua galega é a serie “Arte Tripharia”, dirixida por Xavier Frías. Rafael Yáñez editou nela *Lembranzas e olvidos dun estraño*, poemario manuelantoniano no ton, erótico e reivindicativo no contido e rupturista na intención. Calros Solla, en *Terras raras* e Crisanto Veiguela, en *A vida e sobretudo*, achegan dúas propostas de nova poesía de autoría masculina que tal vez, un tanto amortecido o impacto mediático da “poesía de mulleres”, abran direccións alternativas na concepción do diálogo entre xénero e escrita. En *A soidade dos números primos*, a asturiana Covadonga D’Lom renuncia deliberadamente ó retoricismo e procura unha linguaxe limpa e espida, en poemas que asocian a vida cotiá coa expresión de sentimentos como a nostalgia amorosa e a soidade existencial. *Canto de Nedara*, de Xavier Frías, constitúe un trabado cancionero amatorio onde a alternancia entre a paixón e o desengano culmina nun exercicio de evocación das cidades vividas e soñadas polo falante. Desde Xixón (vtp editorial), Frías *et alii* colaboraron nunha homenaxe miscelánea a Inés Canosa, *alma mater* de Sargadelos en Madrid, titulada *Muller de doce sal*. O volume recolle poemas, pero tamén semblanzas, textos narrativos e mesmo escritos de carácter académico.

11. *As edicións de autor e outras vías de publicación minoritarias: ¿a verdade está aí fóra?*

A idea de que os mellores libros son os manuscritos inéditos ou os orixinais que circulan de man en man (eventualmente, de editorial en editorial ou de premio en premio) sen chegar a ver a luz constitúe un tópico nos círculos literarios pouco afectos á dimensión institucional da literatura. Subscribamos ou non esta noción romántica, que emparenta o rexeitamento social coa excelencia literaria, as edicións de autor, ou os cadernos poéticos de factura heteroxénea, tiraxe reducida e circulación irregular son un obxecto de análise privilexiada que, entre outras moitas cousas, permiten desvelar os límites do dicible e do indicible nunha determinada comunidade.

Claro que a diverxencia poética non é o único motor na dinámica de exclusión ou marxinalidade que determinados textos presentan en relación ós mecanismos editoriais máis asentados. Cómpre ter en conta, asemade, os factores de *décalage* estilístico, manifestos en obras como *Agasallo de verbas*, de Ramón Rodríguez Porto ou *Aquel neno que fun*, de Luis Vázquez (Corona del Sur).

En títulos como *Rompendo os adivais da gorxa*, de Cándido Duro; *Voz*, de Xoán García ou *Kitaro/Ti e Nomearte* (Novos Vieiros), de Brais do Castro; *Un xardín no tempo* (tresCtres), de Xosé M. López Ardeiro ou *Polos mares das améndoas* (Galinova-Macia Arias), a estratexia de edición semella atoparse en consonancia cunha concepción altamente confesional, e mesmo autorreferencial (onde o refe-

rente non é o poema, senón o “eu”), do discurso lírico. Análogo, en certo sentido, é o camiño que Úrsula Heinze de Lorenzo emprende en *Ambra. Gedichte/Poemas*, que recolle un feixe de textos escritos orixinariamente en alemán e traducidos ó galego por Ramón Lorenzo. Unha cita inicial de Katica Kulavkova apunta cara ó desexo poético de que non medie liña divisoria ningunha entre os signos e as cousas. O resultado é un libro de poemas de fundamento imaxinístico, con frecuencia atravesado por “envíos” e dedicatorias que suxeitan a lírica á órbita das circunstancias vitais.

Noutros casos, a disolución dunha instancia editorial “forte” é interpretable, *de facto*, como renuncia ós mecanismos mediadores e ás súas posibles demandas. Igual que outras “intervencións” de Celso Fernández Sanmartín, *Fucsia, talladas, estampados, boca* volve funcionar como “discurso repetido”, denominación que, na teoría da oralidade, alude á fraseoloxía popular, a ese coro comunal de voces que alimentan a memoria da colectividade. Pola súa banda, *Sexto fetiche*, de Antom Fortes, explora novos camiños para a poesía homoerótica, nun valente exercicio de dobre marxinalidade lingüística e social.

Desde Madrid, Xabier Vila Fernández presentan unha proposta, en moitos sentidos inclasificable, titulada *Ghaliça C i B*, na que o contido reivindicativo perde, paradoxalmente, gran parte da súa forza por mor dun literalismo extremo, máis debedor dunha renuncia á retórica que dunha “retórica da naturalidade”. En cambio, *Mongolia. Umha entidade estatal rugosóide*, de Igor Lugris (Santiago de Compostela, Artefacto Editorial), sustenta o seu pulo político e poético no uso da alegoría nacional, recurso que, desde outros presupostos, fora empregado tamén por Carlos Negro en *Far-West*. Neste poemario, moi efectivo na súa lectura pública, o desprazamento dos referentes xococulturais actúa como instancia de lexitimación e estetización irónica dun discurso que, sen ser enmascarado parcialmente, podería esvarar cara ó prosaísmo.

III. ANTOLOXÍAS POÉTICAS: DE COMO ENVELLECER SEN PERDER A SAÚDE

Cando menos desde T. S. Eliot, sabemos que o presente modifica o pasado literario. Calquera achegamento sincrónico ó estado poético dunha determinada comunidade nunha determinada altura pide tomar en consideración os instrumentos que determinan o xeito no que esta comunidade representa e reordena o seu pasado remoto, mediato ou inmediato.

As antoloxías, fondamente implicadas no proceso de canonización dos autores e dos textos dunha literatura, amosan nidiamente a dimensión institucional da poesía e a súa dependencia con respecto a mecanismos que inflúen na produción e reprodución dos textos (premios literarios), celebracións institucionais (Día das Letras), Encontros de poesía, Congresos...

Ademais das escolmas reseñadas en anteriores epígrafes, cómpre destacar aquí o volume colectivo *Aliteración en ti*, que presenta os froitos poéticos do Certame convocado anualmente polo Colexio Manuel Peleteiro. Tamén Xerais, nun volume plurixenérico, deu a coñecer os Premios de Relato, Poesía e Teatro da Universidade de Vigo correspondentes á convocatoria do ano 2000.

Como resultado do I Congreso Internacional Curros Enríquez e o seu tempo, xurdiu o libro *Antoloxía, 12 poemas*, editado por La Voz de Galicia. A escolma, co-

ordinada por Begoña Tajés Marcote, vai acompañada dun glosario elaborado pola compiladora e un estudio da autoría do profesor Xesús Alonso Montero.

Alonso Montero, prolífico antólogo da literatura galega, asumiu, ademais, a edición dunha coroa de homenaxe a Curros, titulada *47 poetas de hoxe cantan a Curros Enríquez* (Edicións Xerais), e a reunión dos versos que o poeta de Celanova lle dedicara a Rosalía de Castro, en *Curros Enríquez canta a Rosalía de Castro (1891-1904)*, editado pola Fundación Rosalía de Castro. Asemade, reuniu parte da produción poética de Eladio Rodríguez, homenaxeado no Día das Letras Galegas, nunha *Escolma de poemas* (Galaxia).

O *corpus* lírico de Rosalía de Castro, cerne do canon da literatura galega contemporánea, é escolmado por Eva del Valle e Francisco Blanco nunha antoloxía de Edicións do Cumio.

Rendéndolle tributo a Ernesto Guerra da Cal, escritor que algúns cualificarían de “contracanonico”, AGAL editou a obra *Caracol ao pôr-do-sol*. Pola súa banda, a poesía de Luís G. Tosar, en edición bilingüe galego-catalana, é publicada pola editorial barcelonesa Viena baixo o título *Evocació d'un temps (1986-2000)/Invocación dun tempo (1986-2000)*. O libro presenta a reedición da poesía de Tosar, e engade, ademais, textos inéditos.

A forte implicación do dispositivo antolóxico coa dimensión práctica, e mesmo pragmática, do campo literario ponse de manifesto en obras como *No colo de miña nai*, de Xesús Portas (314 Euroedicións), escolma de música relixiosa, con partituras e letra do mesmo autor, que pretende compensar a ausencia de pezas para a liturxia en lingua galega.

No que atinxe á compilación colectiva da poesía máis recente, a revista Festa da Palabra silenciada, no seu número 16, presentou o monográfico *Unha Festa poética*. Á súa vez, Luísa Castro coordinou a edición doun volume no que tamén participaron narradores e que baixo o título *Poetas e narradores nas súas voces* presenta textos e audicións de escritores contemporáneos, ó abeiro dunha iniciativa do Arquivo Sonoro do Consello da Cultura Galega, que no ano 1999 dera xa a coñecer, na antoloxía *Voces novas*, a versión oral dunha serie de textos dos “poetas dos 90”.

A “poesía dos 90” é, precisamente, o obxecto de interese de Helena González, na escolma *A tribu das baleas: poetas de arestora. Antología de la poesía gallega última. Anthology of last Galician poetry* (Edicións Xerais), que constitúe, ata o de agora, a última grande antoloxía da produción poética máis recente.

En edición bilingüe galego-inglés, o P.E.N Club de Galicia presentou *A poesía é o gran milagre do mundo. Poetas galegos do P.E.N/Poetry is the World's Great Miracle. Poets of Galician P.E.N Club*. A escolma, concibida co gallo da Celebración do Día Mundial da Poesía, conta cun prólogo histórico-literario, escrito por María do Cebreiro Rábade Villar, e cun epílogo do profesor Xesús Alonso Montero.

A estreita vinculación do fenómeno antolóxico coa poesía circunstancial déixase ver no volume *Poemas e contos da muralla*, coidadosamente editado por A Nosa Terra. Con ocasión da candidatura presentada ante a UNESCO co obxectivo de que a muralla de Lugo fose considerada Patrimonio da Humanidade, un grupo de pintores, narradores e poetas participaron neste fermoso libro colectivo de homenaxe ás pedras milenarias da cidade.

Unha mostra da posible dimensión manifestaria do discurso antolóxico é o caderno colectivo *Pedimos a palabra. 38 poetas galeg@s contra a guerra e em solidariedade com Palestina*, que xorde como proxección textual dun recital poético organizado pola Plataforma Galega pola Paz e a nom Intervençom.

IV. FINAL ABERTO ¿NOVA POESÍA OU POESÍA NOVA?

Ninguén dixo que a novidade ou a ruptura fosen, de seu, valores poéticos. Pero cómpre lembrar que, desde a súa ruidosa emerxencia a mediados dos 90, a “nova poesía” reclamou para si un espacio propio, en boa medida baseado nunha toma de distancia, implícita ou explícita, con respecto ós presupostos que rexeran a práctica poética do decenio anterior. Neste sentido, a constatación dunha certa escaseza de voces novidosas, así como a consolidación e canonización das propostas que non hai tanto tempo sorprendieran ós críticos e lectores máis avisados son factores que informan deste compás de espera, do que nestas mesmas páxinas dera xa testemuño Helena González (1999, 2000). ¿Seguen sendo equivalentes os termos “nova poesía” e “poesía nova”? Esta é unha incógnita á que non só os poetas, senón tamén os críticos e teóricos da poesía galega, teremos ocasión de responder a partir de agora.